



## O Dereito a ler en electrónico!

### Que queremos

**Queremos proporcionar aos nosos usuarios as últimas novidades publicadas en formato electrónico, tal e como viñemos facendo cos libros impresos.**

Pero algúns editores impídeno, negándose a proporcionar ás bibliotecas as licenzas necesarias para o préstamo de libros electrónicos. As enquisas mostran que máis do 50% dos libros electrónicos “best sellers” non son accesíbeis desde as bibliotecas.

**Queremos comprar libros electrónicos a prezos xustos e con condicións de uso razoábeis.**

Pero moitos editores venden os libros electrónicos a prezos moi altos ou non os venden. Como resultado disto non podemos proporcionar un bo servizo aos nosos usuarios.

**Queremos que os autores reciban un pagamento xusto polo préstamo dos seus libros electrónicos, como o veñen percibindo pola súa obra impresa, ampliando o Dereito ao Préstamo Público mediante a inclusión do préstamo do libro electrónico nas bibliotecas.**

Normalmente os autores non reciben remuneración algunha polo préstamo de libros electrónicos nas bibliotecas, na maioría dos Estados Membro da UE.

**Queremos que toda a cidadanía - non só os que o podan pagar- se beneficien do acceso libre aos libros electrónicos nas bibliotecas.**

Baixo a actual Lei de Propiedade Intelectual os editores poden negarse a subministrar libros electrónicos ás bibliotecas

Por tanto, **PEDIMOS unha Lei clara de Propiedade Intelectual**, que permita ás bibliotecas cumprir coa súa misión, para o século XXI, de proporcionar a toda a cidadanía da Unión Europea, o acceso á riqueza do coñecemento e a ficción humana tanto desde a biblioteca presencial como a distancia

**¡MARCO LEGAL XA!**

